



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASETE DE FEBREIRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : MARGARITA DEvesa CARDELLE
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dezasete de febreiro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20/01/2011)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Corrección de erros no acordo adoptado polo Pleno con data 30/12/2010 sobre modificación de créditos num. 1/2010

Detectado erro no acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o trinta de decembro do ano pasado, relativo á modificación de créditos nº 1/2010, xa que as partidas nas que causan baixa os créditos e ás que van destinados aparecen cambiadas, debendo figurar do seguinte xeito:

"...../....."



-Baixa parcial de créditos das partidas do Estado de Gastos do Presuposto Municipal para o exercicio de 2010 para poder prescindir de contraer obrigas con cargo aos mesmos polas cuantías necesarias para financiar as modificacións presupuestarias:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>D E N O M I N A C I Ó N</u>	<u>IMPORTE</u>
233-227	Traballos técnicos de dependencia	20.000,00
334-600	Investimento en terreos para cultura	60.000,00
334-622	Investimento en edificios culturais	25.000,00
334-625	Investimento en mobiliario cultural	10.000,00
341-623	Investimento en instalacións deportivas	45.000,00

TOTAL BAIXAS DE CRÉDITOS PARA FINANCIAR A MODIFICACIÓN

160.000,00

En cuxo expediente aparecen informes de Secretaría-Intervención e demais regulamentarios, todos eles en senso favorable. Previa deliberación, considerando o carácter inaprazable das obrigas a cargo da Corporación e que as modificacións que se propoñen non producirán perturbacións dos servizos nin dos intereses municipais, a Comisión de Economía propón:

1º.- Informar favorablemente a proposta de modificación de créditos referida, mediante a transferencia dos créditos, cuxas cantidades deberán ser aplicadas ás Aplicacións que se reflicten na Memoria que motivou o expediente, cuxo detalle é o que a continuación se expresa:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>D E N O M I N A C I Ó N</u>	<u>IMPORTE</u>
161-609	Infraestructura xeral de saneamento	25.000,00
165-609	Infraestructura en alumeados públicos	40.000,00
432-221	Subministros de promoción do turismo	20.000,00
453-210	Mantemento de estradas	20.000,00
453-213	Mantemento de maquinaria para estradas	20.000,00
453-609	Infraestructura en estradas	25.000,00
491-226	Gastos diversos da sociedade da información	10.000,00

TOTAL EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS

160.000,00

Coas modificacións....."

3º.- Acordo, se procede, sobre determinación xusto prezo en proceso de expropiación en San Miguel de Sarandón

Visto o acordo de necesidade de ocupación, adoptado polo Pleno do concello en sesión de data 16 de setembro de 2010, no que se aprobaba definitivamente a relación de bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación por razón de urbanismo das fincas 1064 (na súa practica totalidade) e 1065 (unha pequena porción) do plano do acordo da concentración parcelaria de Sarandón, sitas no lu-



gar de Silva de Arriba (San Miguel de Sarandón), así coma a designación nominal dos interesados.

Dada a necesidade de tramitación individualizada do presente expediente de fixación do xustiprezo cos dous propietarios afectados de forma individualizada, xa que intentada a posibilidade de fixar o xusto prezo de mutuo acordo, non foi posible xa que o prezo proposto polos propietarios dista moito do que figura na valoración realizada no seu momento polos Servizos Técnicos Municipais.

Vista a folla de aprezo formulada por don Marcelino López Tato, en calidade de propietario da parcela 1064 do plano do acordo da concentración parcelaria de San Miguel de Sarandón, con referencia catastral 15090A506010640000AE, na que valora a súa finca na cantidade de DOUSCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL SETECENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (#255.762,14#); e visto o informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais no que se valora a mesma finca na cantidade de CINCUENTA E SEIS MIL CATROCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (#56.473,88#).

Vista a folla de aprezo formulada por don Gonzálo López Valdés, en calidade de propietario da parcela 1065 do plano do acordo da concentración parcelaria de San Miguel de Sarandón, con referencia catastral 15090A50601065000AS, na que solicita en compensación do pago do valor da parte da finca a expropiar a realización dunhas actuacións consistentes en arranxo dunha mina de auga e construción dun muro de contención, que foron valoradas polos Servizos Técnicos Municipais na cantidade de TRECE MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (#13.251,75#); e visto o informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais no que se valora a parte da finca a expropiar na cantidade de DOUS MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (#2.502,90#).

Proponse:

PRIMERO. Rexeitar a folla de aprezo formulada polo propietario don Marcelino López Tato con data 18 de novembro de 2010, na que establecía o prezo da súa finca en DOUSCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL SETECENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (#255.762,14#), por considerar excesiva esa cantidade.

SEGUNDO. Rexeitar a folla de aprezo formulada polo propietario don Gonzalo Valdés Gestoso con data 29 de outubro de 2010, na que establecía o prezo da parte da súa finca a expropiar, unha vez valoradas as actuacións pretendidas polos



Servizos Técnicos Municipais, en TRECE MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (#13.251,75#) , por considerar excesiva esa cantidade.

TERCEIRO. Formular folla de aprezo municipal, con respecto do ben a expropiar (8.366,50 m2) titularidade de don Marcelino López Tato, á vista do prezo formulado polos Servizos Técnicos Municipais, fixando o prezo fundado en CINCUENTA E SEIS MIL CATROCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (#56.473,88#).

CUARTO. Formular folla de aprezo municipal, con respecto da parte a expropiar (370,80 m2) do ben titularidade de don Gonzálo Valdés Gestoso, á vista do prezo formulado polos Servizos Técnicos Municipais, fixando o prezo fundado en DOUS MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (#2.502,90#).

QUINTO. Notificar aos interesados para que acepten a folla de aprezo municipal en cada caso, no prazo de diez días ou que a rexeiten; neste último caso, pasarase o expediente de xustiprezo ao Xurado Provincial de Expropiación. De ser aceptada, procederase á Acta de ocupación e pago.

SEXTO. De conformidade co artigo 85 da Lei de Expropiación Forzosa designarase, de ser o caso, ao técnico municipal que formará parte do Xurado Provincial de Expropiación

Don Carlos Martínez do PP aclara que entende que no pleno só se tiña que acordar iniciar o expediente de expropiación como se fai noutros concellos. Di tamén que se absterá na votación

Posta a votación a citada proposta apróbase con 7 votos a favor do PSdeG-PSOE e TEGA e 6 abstencións do PP e BNG

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP para introducir determinadas bonificacións na ordenanza fiscal reguladora do IBI

Dáse conta de moción presentada polo PP na que se expón que realizada pola Administración a revisión e actualización de valores catastrais durante o ano 2010, consideran que deben ser bonificadas na ordenanza fiscal reguladora do IBI dúas situacións: familia numerosa e as parcelas que no PXOM están cualificadas como *N3-Fincas Singulares* en solo de núcleo rural , pois son valoradas por catastro co mesmo valor que as parcelas cualificadas urbanísticamente como N1 ou N2, cando é sabido que nas mesmas as limitacións e condicionamentos urbanísticos son tan grandes que practicamente non se pode facer nada nelas.

Por todo iso solicitan a adopción dos seguintes acordos:



Que por parte do Concello de Vedra se modifique a ordenanza fiscal relativa ao Imposto sobre Bens Inmóbeles para que introduzca as seguintes bonificacións:

1º.- Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa disfrutarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual, e na que estean empadroados os membros da unidade familiar, coas seguintes características:

Categoría de familia numerosa	Xeral	Especial
% bonificación se o valor catastral é menor ou igual a 150.000 euros	35	50
% bonificación se o valor catastral está entre 150.000 e 200.000 euros	20	35
% bonificación se o valor catastral é maior de 200.000 euros	5	20

Para a aplicación da bonificación será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá acreditar condición e categoría de familia numerosa, por medio de título oficial. O concello constatará de oficio o empadramento dos membros da unidade familiar no inmovible obxecto da solicitude.

Terán efectos no padrón do imposto, as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano, sempre que nas mesmas se acredite que reúnen os requisitos esixidos para o seu disfrute o día un de xaneiro

Incluiranse así mesmo no padrón do imposto as bonificacións concedidas nos anos anteriores que o día un de xaneiro sigan reunindo as condicións esixidas para o seu disfrute

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular

2º.- Os bens inmóbeles que, conforme ao planeamento urbanístico municipal vixente, teñan a calificación de N3 ou fincas singulares en solo de núcleo rural, gozarán dunha bonificación na cota do 60%.


3º.- As bonificacións, previo informe dos departamentos municipais que correspondan, serán concedidas ou denegadas pola Xunta de Goberno Local

4º.- As bonificacións serán compatibles, sen que en ningún caso poidan exceder do 75% da cota íntegra, de forma acumulativa.

Don Carlos Martínez do PP expón que o espírito da moción é que se recollan dous tipos de bonificacións, por un lado familias numerosas e para as fincas singulares (N-3), e que en canto ás bonificacións para familias numerosas se chegou a un acordo entre todos os grupos, porque efectivamente xa estaban contempladas este tipo de bonificacións na ordenanza fiscal, sen embargo coa actualización dos novos valores compría subir os valores base para que esas familias se continúen beneficiando.

Polo que respecta ás bonificacións dos solos cualificados no PXOM como fincas singulares (N-3) o PP entende que teñen que ter unha bonificación porque o valor dos terreos ten relación coas posibilidades de edificacións dos mesmos, e o mesmo Catastro así o establece cando define "a valoración do solo determínase tendo en conta as circunstancias urbanísticas que lle afecten respecto da súa clasificación e calificación. Ao valor do solo así establecido se lle aplica o aproveitamento permitido polo PXOM"

Sen embargo di que na actualidade o Catastro valora igual o N1, o N2 e o N3, e o PXOM diferencia claramente o N1 e o N2 e máis claramente o N3, no que aparte de que hai unhas maiores esixencias para edificar, queda supeditada á elaboración dun plan especial de protección e integración paisaxística, cuxo obxectivo



é protexer e pór en valor os bens patrimoniais incluídos no ámbito, é dicir, quen ten unha finca singular por exemplo de 20.000 m², non pode segregala, nin modificala, nin facer ningún movemento de terras., ...e pasar todas as trabas para facela, en definitiva é moi difícil facer calquera obra en N3, polo que consideran moi inxusto que se valore igual o N1, o N2 e o N3.

Di que outra opción sería presionar ao Catastro para que introducise un elemento para alterar o valor final dos N3.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que sobre do 1º punto da moción do PP existe acordo entre todos os grupos, e que as cifras están feitas a ollo, porque se intentou facer unha estimación do que supón o incremento nos ingresos municipais a modificación dos valores catastrais e realmente é imposible; os incrementos aplícaranse progresivamente ao longo de 10 anos e estímase que máis ou menos os ingresos por IBI ao final do periodo significaran un pouquiño máis do dobre, pero que existe un elemento máis que entra en xogo: todo o novo solo que se engade como consecuencia da aprobación do PXOM, e así o 1º tramo na ordenanza fiscal vixente empezaba en 60.000 euros e considera oportuna incrementalala en 90.000 euros, se os grupos TEGA e BNG están de acordo, senón fose así intentariase buscar un consenso

Con respecto ao N3 (fincas singulares) di que na Comisión Informativa debatiuse longo e tendido sobre do asunto, xa que hai moitos elementos que se prestan á dúbida; o 1º é que o feito de que os propietarios deses terreos teñen unha contribución máis elevada que os resto dos veciños, pero que ven motivado por dúas cuestións basicamente; a extensión das fincas e polas edificacións que teñen, xa que soen ser edificacións de gran valor e de interese.


Expón ademais que na Comisión Informativa dou conta do importe a pagar por cada un dos propietarios, que son poucos, e realmente nalgún caso o importe é semellante á cantidade a pagar por outros propietarios que teñen a súa vivenda situada en N2 (expansión de núcleo), e que dende logo se algún dese propietarios pode instalar nesa finca un hotel o xusto é que contribúa un pouco máis.

Tamén di que na mesma Comisión Informativa se informou que non se vía claro por parte dos grupos estas consideracións ás que fai mención o PP, porque se corre o risco de discriminar negativamente a outros propietarios, que se trata dun tema complexo e que calquera modificación dunha ordenanza fiscal debe ir acompañada por unha reflexión seria e con datos obxectivos, por iso lamenta non poder dar máis datos do incremento do IBI para o estudo das bonificacións das familias numerosas.

Sinala tamén que o esforzo tributario é unha das variables que se teñen en conta á hora das transferencias do Estado e calquera minoración do mesmo supón unha variación das

transferencias que se reciben, sen olvidar que Galicia é a Comunidade Autónoma que ten a prestación de servizos máis caros do Estado, debido á dispersión da poboación, e os tributos máis baixos, citando o informe do Consello de Contas segundo o cal os municipios do noso tramo de 5000-10000 habitantes teñen unha media de 210 euros/habitante e no resto do Estado é de 441 euros/habitante, e Vedra con 247 euros/habitante ou 199 euros/habitante se non se ten en conta o IBI de características especiais

Por último di que entende que non é o momento de modificar a ordenanza polas dúbidas que existe, por iso solicita rexeitar os puntos da moción do PP e ao mesmo tempo incorporar outro "Solicitar do Goberno do Estado que habilite crédi-



tos ICO para axudar nos problemas de Tesoureiría dos Concellos e da Xunta de Galicia que mellore o financiamento das Entidades Locais cun aumento das transferencias”

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que está de acordo con actualizar os valores castastrais que serven de base para aplicar a bonificación, aínda que se faga dun xeito un pouco improvisado, e tampouco está en contra do punto novo que pretende engadir o PSdG-PSOE. Polo que respecta aos puntos que presenta o PP con respecto aos solos N3 (fincas singulares) plantéxanselle bastantes dúbidas, porque efectivamente entende que se eses propietarios se lles pide que conserven un valor que é para a Comunidade dalgún xeito hai que primar o custo que supón iso, pero tamén o habería que facer cos que manteñen os montes limpos, as beiras dos ríos, ...etc.

Di que do que se está a falar é de valor do solo, poñendo o exemplo de hotel que só se pode instalar neses solos e no solo urbano, e que en todo caso se podería discutir se teñen que ter o mesmo valor que o N1 ou o N2, pero que se trata de fincas que teñen un valor engadido importante, que ao mellor habería que valorar a forma de premiar o mantemento delas, pero que non ten claro que sexa competencia do concello a través do IBI.


Ademais di que o PP pretende unha bonificación do 60%, que é a porcentaxe máxima de bonificación que se pode alcanzar acumulandoas todas, o que lle parece excesiva, e que sen máis datos se podería cometer un agravio comparativo con outros propietarios e primar aos propietarios que teñen un valor patrimonial máis alto, agás os Pazos que están catalogados como bens de interese cultural, que gozan dunha exención total, que para o BNG tamén é excesivo.

Para rematar di que dende o BNG non están dispostos a valorar este tipo de bonificacións se facer un estudo global de todos os impostos que se pagan, facendo mención a que existen tamén propietarios que teñen bens en zona urbana pero que están afectados polos bens de interese cultural e tampouco teñen ningunha bonificación, e que polo tanto habería que ter en conta todas as variantes, e que como dixo o voceiro do PSdeG-PSOE tampouco é o momento idóneo para aprobar esta modificación porque ademais tampouco temos uns impostos tan altos para ser tan xenerosos, e que estaría de acordo en facer un esforzo dende o concello para aqueles que están a pasar momentos difíciles para pagar os impostos.

O Sr. Alvela de TEGA di que efectivamente sería un tema a estudar en conxunto, porque se ben é certo, como di o Sr. Martínez Carrillo do PP, que deberían valorarse distinto dos N1 ou N2, está de acordo coa voceira do BNG en que debería facerse un estudo completo, con varias comparativas con outros solos para non caer nun agravio comparativo, que si levaría a un enfando máis xeneralizado.

O Sr. Martínez está de acordo coa xustiza social, que os que máis teñen teñan que pagar máis, agora ben di que a xustiza está en tratar igual situacións iguais e situacións desiguais de xeito desigual, e que o que pon encima da mesa o PP é que se están a valorar economicamente, exactamente igual, un N1, un N2 e un N2, cando son radicalmente diferentes e o seu valor tamén.

Di tamén que efectivamente poden existir propietarios en N1, N2 que pagan máis, porque todo depende da superficie, pero o que non ten sentido é valorar o m2 de N3 como o de N1 ou de N2, e que o Catastro non aplica coeficientes correctores e ao mellor como di o concelleiro de TEGA habería que presionalo dende o



concello, por iso plantexa unha bonificación, cuxo porcentaxe nunca se debatiu e que sería o que o pleno aprobase.

Sinala tamén que está de acordo con outras situacións que se dan, como a dos bens afectados por outros de interese cultural, e co punto engadido polo PSdeG-PSOE, matizando que a moción presentada polo seu grupo ten dúas compoñentes: as familias numerosas e os N3, e que o seu grupo mantén a moción presentada.

O Sr. Sánchez intervén de novo e di que habería que coñecer a opinión dos titulares desas fincas singulares sobre se se lles quitasen os aproveitamentos que teñen no PXOM, citando como exemplo a venda do Pazo de Ximonde, porque -di- que efectivamente son bens de difícil venda pero dun gran valor.

Sinala tamén que existe consenso entre os grupos PSdeG-PSOE, TEGA e BNG de que non é o momento axeitado e de que se carecen de elementos de xuízo suficientes para modificar a ordenanza.

Sométese a votación a moción do PP e rexéitase con 8 votos en contra do PSdeG-PSOE, TEGA e BNG e 6 votos a favor do PP

De seguido sométese a votación a emenda conxunta dos grupos PSdeG-PSOE, TEGA e BNG, cos puntos puntos que de seguido se relacionan, e apróbase por unanimidade dos asistentes:

PRIMEIRO.- Modificar, aumentando na mesma proporción que o incremento medio das valoracións da recente actualización dos valores catastrais, os tramos de valores sobre os que se aplican as bonificaciónso punto 3º do artigo 14 da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre dos Bens Inmóbles que quedaría redactado do seguinte xeito:

“

3.- Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual e na que estea empadroadado, coas seguintes características:

Categoría de familia numerosa	% Bonificación valor catastral menor ou igual a 90.000 euros	% Bonificación valor catastral entre 90.000 e 150.000 euros	% Bonificación valor catastral maior de 150.000 ata 300.000 euros
Xeral	45	30	20
Especial	55	40	30

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible que o interesado a solicite, debendo acreditar:

- O empadramento na vivenda obxecto de solicitude.
- A condición de categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.
- Para gozar desta bonificación deberá presentar, anualmente, unha copia compulsada do título de familia numerosa.



Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.

Con carácter xeral, o efecto da concesión da bonificación comezará a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non terá carácter retroactivo.

SEGUNDO.- Solicitar do Goberno do Estado que habilite créditos ICO para axudar nos problemas de Tesoureiría dos Concellos e da Xunta de Galicia que mellore o financiamento das Entidades Locais cun aumento das transferencias.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE sobre do día internacional da muller traballadora

Solicítase a declaración de urxencia deste punto e apróbase por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta da moción presentada polo PSdeG-PSOE na que se expón que os acordos recentemente concertados entre Goberno, Sindicatos e Sector Empresarial significan un bo comezo para remontar a actual situación de crise económica na que o noso país e o conxunto da UE están sumidos nos últimos anos, pero tamén se fai necesario para superar esta etapa que a administración máis próximas á cidadanía, os concellos, acaden un Pacto de compromiso e de responsabilidade coa cidadanía, para erradicar definitivamente as desigualdades entre homes e mulleres aínda existentes na sociedade.

A corresponsabilidade entre homes e mulleres no privado, o acceso das mulleres ao mercado laboral e en postos de traballo de calidade, así como o empoderamento das mulleres no público, son os instrumentos que nos permitirán remover positivamente as estruturas sociais baseadas na antiga sociedade patriarcal

Esta tarefa debe comezar dende a xestión dos concellos porque é de onde parte a posta en marcha das políticas de igualdade para acadar que o enorme potencial humano, social e económico que significan as mulleres na sociedade, contribúa decisivamente a mellorar a nosa situación económica e a seguir avanzado en material de igualdade entre homes e mulleres.

Por todo iso propónse a seguinte moción:

Dende o eido municipal, faise necesario:

1.- Incorporar a perspectiva de xénero ás políticas activas de emprego que se desenvolven a nivel local.

2.- Repensar os horarios, apostando pola flexibilidade nos servizos públicos, a harmonización dos tempos escolares e unha racionalización dos horarios comerciais para que sexan compatibles coa conciliación da vida profesional e persoal de mulleres e homes

3.- Estender a rede de servizos de atención aos menores de 0 a 3 anos e ás persoas en situación de dependencia, así como a ampliación de horarios de escolas infantís e centros de día para persoas maiores e persoas con discapacidade

4.- Fomentar a posta en marcha de proxectos de apertura para os centros escolares co fin de atender as necesidades de conciliación das familias de cada centro, segundo as demandas familiares. Desenvolveranse os servizos de almorzo, comedor e actividades extraescolares necesarias para a conciliación no período lectivo. Do mesmo xeito, garantiremos a posta a disposición das familias de servizos de atención infantil de carácter lúdico durante os períodos de vacacións escolares



5.- Reforzar os programas de Servizo de Axuda a Domicilio e Tele-asistencia para a atención das persoas en situación de dependencia, maiores, familias en risco de exclusión e persoas con discapacidade, promovendo a crecación de emprego feminino e a actividade emprendedora das mulleres neste sector, á vez que se potencia a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

6º.- Dende os servizos de orientación, formación e intermediación municipais para o emprego, se fomentarán Programas Estratéxicos de Promoción da Igualdade de Oportunidades nas empresas. De acordo coa Lei de Contratos do Sector Público, se incorporarán, na adxudicación de contratos públicos, cláusulas que permitan valorar positivamente ás empresas socialmente responsables coa igualdade

7º.- Estimular as iniciativas emprendedoras das mulleres e o fornecemento das redes de mulleres empresarias, a través de axudas económicas (subvencións e micro-créditos). Neste contexto, e dende as políticas locais, incentivaremos o acceso das mulleres ás tecnoloxías de información e o coñecemento, porque isto terá importantes efectos económicos e sociais

8º.- Impulsar a loita contra a feminización da exclusión social, adecuando a resposta e os recursos dos Servizos Sociais ás diferentes necesidades dos colectivos de mulleres en situación ou risco de exclusión e estimulando o acceso aos recursos educativos, sociais e económicos

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que todos están de acordo coa moción e que a pesares dos escasos recursos municipais moitos puntos xa están en marcha, pero que hai que seguir profundizando no tema.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores


--Ás preguntas formuladas por dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contesta:

1.- Sobre da antena de telefonía móbil de Tomonde, di que xa se iniciou o expediente de reposición da legalidade e se lle notificou á empresa; incluso que antes de iniciar o expediente se intentou acadar un acordo para que cambiasen a antena de ubicación, pero que non están pola labor ata que o teñan que facer.

2.- En canto a que se colge na páxina web do concello e no taboleiro do pavillón o regulamento e máis os prezos, que xa se ordenou

3.- Á pregunta de utilizar o procedemento negociado para a licitación do contrato de servizos consistente na xestión das instalacións e actividades do pavillón, di que polo seu importe é o procedemento correcto

4.- En canto á modificación de créditos nº 1 aprobada no pleno do mes de decembro, dá lectura das partidas implicadas; por un lado transfírense créditos das partidas 233-227 (traballos de empresas para dependentes); 334-620 (compra de terreo en San Miguel) e 334-622 e 334-625 (Investimentos en edificios e equipamentos), destinadas a: alumeados públicos (22.000 euros); subministración eléctrica da oficina de turismo; conservación de vías públicas (20.000 euros); suplemento de maquinaria (36.000 euros); asfaltado de vías públicas (25.000 euros); obra pendente de 2009 que non figuraba nos orzamentos (48.000 euros) e gastos do



centenario (10.000 euros)

--En canto ao rogo de TEGA relativo á obra de Ximonde, di que se levará a cabo en catro anualidades, a máis grande é a deste ano, e segundo datos facilitados por TRAGSA empezarán a executala dende mediados deste ano.

--En canto ao rogo do Sr. Martínez do PP para que se arranxasen as goteiras do pavillón, di que se lle encargou ao arquitecto municipal a elaboración dun proxecto para cando teñamos ocasión incluír esa obra, xa que é a única solución posible.

E polo que respecta á deficiencias de electricidade en Tomonde que xa están arranxadas.

7º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG roga que canto antes se repoña a protección que existía na ponte da estrada de Gaiosa ao Ponte de Sarandón, e que axilicen os trámites para que a Deputación coloque uns quitamedos.

--Don Carlos Martínez do PP realiza os seguintes rogos e preguntas:


1.- Sr. Alcalde, nun pleno pasado fixemos unha proposta de que nas obras da estrada Vedra- Santa Lucía que se ían realizar, se soterrase o cableado na zona de beirarrúas e de que no caso de non poder acometerse agora, se colocase a pre- instalación aínda que os tubos os tivese que poñer o concello para que cando se puidese facer o soterramento ou o cambio de farolas, non ter que levantar de novo as beirarrúas. No pleno seguinte contestounos o concelleiro de obras que isto xa se contemplaba. Agora que están a construír as mesmas e que segundo comentou a empresa non o van a facer e polo que reiteramos de novo a nosa proposta.

2.- Nesta mesma obra a empresa contratada está a levantar un valo no alpendre de Pilar García e modificando en consecuencias as augas do tellado. De non colocarlle recolledor a estas augas provocará que estas pinguen directamente sobre a beirarrúa e sobre do local social da parroquia. Polo tanto, solicitamos que se fagan as xestións oportunas para que se solucione este asunto e non quede un problema para o concello e os veciños

3.- No cruce do campo da festa de San Xián estaba marcado o principio das obras antes mencionadas, un cruce de fábrica novo que podería solucionar os problemas que ten o vello continuamente atascado. Esta obra non se fixo polo que segue a haber problemas co discurrir da auga. Ademais este cruce quedou mal e con dificultades para o xiro de vehículos grandes como camións e autobuses. Por iso solicitamos que se lle busque unha solución a este problema aproveitando que se están a executar estas obras.

4º.- Nesta mesma parroquia e con motivo das obras cambiouse a entrada do local social e arrincouse a varanda que tiña. Dado que a reposición dos valos se está a facer en pedra como estaba anteriormente e tendo en conta a situación da obra, centro da parroquia e ao lado dun entorno protexido: igrexa e cruceiro, procede facer esta varanda en pedra acorde co resto da obra. Por iso solicitamos que dende o concello se fagan as xestións pertinentes para este fin.

5º.- Sr. Alcalde, a unha pregunta de fai uns meses contestounos nun pleno anterior que xa estaba feito o proxecto da última fase da estrada Vedra-Santa Luc-



ía e da nova ponte das cabras, en que condicións está este tema?. Qué xestións se teñen feito dende a Alcaldía sobre do mesmo dende aquel. Reiteramos unha vez máis o apoio do noso grupo para que se faga esta obra tan necesaria.

6º.- Cando se van executar as obras da pista de A Torre xa contratadas fai tempo?. Por qué tanto reatraso?

7º.- Desgraciadamente o Concello de Vedra foi noticia fai uns días dun tráxico accidente ocorrido na ponte do tren na estrada de Gaiosa a Sarandón. O PP de Vedra no ano 2009 xa preguntou se existía algún proxecto para facer unha nova ponte sobre do ferrocarril, e se non fose así rogábase que se iniciasen os trámites para dotala nun futuro inmediato dada a súa actual perigosidade. A resposta naquel momento do grupo de goberno foi que a Deputación contratou o proxecto da ponte, e que sería conveniente que fose encaixado coas obras do Polígono Industrial. En que situación está actualmente o citado proxecto?. Que avances se fixeron nos últimos dous anos?. Rogamos se axilicen ao máximo as mesmas, e mentres tanto rogamos se adopten de forma urxente as medidas de seguridade vial oportunas para minimizar na medida do posible a perigosidade de dita ponte.

8º.- No ano 2009 pedimos que se colocasen uns quitamedos ou algo que puidese evitar caídas de persoas ou vehículos na recta que pasa xunto o lavadoiro de Rosende (Merín), pois está moi perigoso, e dous anos despois todo segue coma no ano 2009. Pedimos que se solucione cantos antes

9º.- Rogamos que se arranxen os buracos que hai na pista que vai dende Matelo ata Rosende en Merín.

10º.- Solicitamos que se limpie o camiño que leva á fonte do santo en Merín xa que moita xente vai a esta fonte e por auga e necesita que o camiño estea limpo. Este camiño está sendo limpiado por un veciño, e loxicamente, pensamos que non lle corresponde a él esta limpeza.

11º.- En San Fins solicitamos a reparación de desprendemento dun trozo da pista da Ferreira a Ramil ao lado da ponte do Rio Pereiro. O lugar está perigoso e as vallas de plástico de aviso están caídas.

12º.- Igualmente en San fins solicitamos a reparación da base de asentamento da marquesiña de autobús do lugar de Sales.


13º.- En Illobre solicitamos tan pronto se poida o asfaltado da pista que ven dende Baamonde ata a igrexa de San Andrés (parcheada hai menos de 3 meses volve a estar no mesmo estado). Asimesmo, o asfaltado da estrada dende o cruce da igrexa ata a aldea do Castro.

14º.- En Illobre, igualmente solicitamos se repase o alumeadado público de toda a parroquia (extensible ao resto das parroquias do concello), e se repoña o colector verde da igrexa (roubado fai un ano).

8º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión.

Don Inocencio Alvarez quere aclarar que nun escrito que se lle remitiu a patrimonio sobre da desaparición dun cruceiro de Agrelo tamén se lle informaba de recheo nun tramo da Vía da Prata en Ponte Ulla, por se fose de interese.



[Escribir texto]

Ademais en calidade de Presidente da AA.VV de Santa Cruz roga que se lle notifique a Correos a existencia das rúas de Manuel Texo, Alcalde Francisco Carrillo e Manuel Alvela porque segundo datos facilitados polo carteiro desa zona non figuran no mesmo.

Conclúe ao fio das vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos

